

## “Historia dunha vidiña” por Ramón Díaz Raña

Do 1959 ao 1963 estudei Teoloxía na Universidade Pontificia de Comillas. Do 64 ao 68 estiven de Secretario Particular do Bispo D. Jacinto Argaya. Neste tempo participei nas dúas derradeiras Sesións do Concilio Vaticano II. O meu traballo dentro da Aula Conciliar –igual que o de outros 25 sacerdotes- era o de Asignator Locorum. Tiña ao meu cargo 50 Arcebispos. Todo o que entraba ou saía dese sector (papeletas votacións, textos, documentos...) pasaba por min. Teño recordos curiosos dese traballo.

Do 1969 a xaneiro do 71 estiven de novo en Roma facendo o Curso de Doutoramento en Teoloxía no Instituto de Espiritualidade da Universidade Gregoriana. A Tese ía tratar sobre o “*Sentimento relixioso en Rosalía de Castro*”. Tiven que presentar un proxecto razoado coa bibliografía correspondente. Aprobáronmo para poder seguir traballando. Para os diversos exames presentei varios traballos que hoxe me resulta curioso recordar: “*A espiritualidade dos priscilianistas*”, “*San Martín Dumense e a relixiosidade popular*”, “*Rosalía de Castro participante nuns Exercicios Espirituais*”... Nese tempo, estando en Roma, vivía en Galicia. Axudado por Martiño Montero Santalla celebramos a primeira xuntanza de galegos en Roma. Foi moi bonita. Éramos uns cincuenta. Con ese motivo deumo por compor unha Oda á Galicia, que despois seguí escribindo. Pilloume tan fondo o tema que pasei noites sen durmir. Non era quen de quitar esa idea da cabeciña. Daquela comprendín o que deben sufrir os artistas para non volver tolos coas súas creacións.

De xaneiro do 71 a agosto do 90 estiven de Párroco en San Sadurniño. Tiña beca para permanecer o Curso completo en Roma, pero por problemas familiares pedíralle ao bispo que me dera unha parroquia pequena para elaborar todo o traballo da tese. Lera polo miúdo a obra enteira de Rosalía e sacara unhas 1.500 fichas –que aínda teño-. Comentara tamén con Torres Queiruga e Ramón Piñeiro un proxecto interesante, pero que esixiría moita dedicación: Elaborar a historia relixiosa de Galicia; e máis en concreto a historia da Pastoral da Igrexa en Galicia. Todo quedou parado porque non fun capaz de conxugar o ter o corazón mergullado nos problemas dos veciños e a cabeza enfrascada nos libros e na historia. O primeiro traballo que me levou tempo e dedicación foi a axuda desinteresada que prestei a moitos veciños de Santa Mariña que tiñan que facer –sen saber como- a declaración das propiedades rústicas, xa que estaban dando os primeiros pasos referentes á Concentración Parcelaria. Tamén pasei horas e horas con Saro para mover o do Poboado da Cooperativa a construír na zona de Bastida e con Lino de Mera para darlle saída ás augas milagreiras. Eran dous proxectos que consideraba interesantes. Fíxenlles mil visitas. Sempre aparecían os mesmos papeis e chegábase á mesma conclusión. Avanzar, nada. Eu quería aproveitar (sobre todo para o da Cooperativa) a miña boa relación con D. Jacinto Argaya, xa que el tiña posibilidade de “presionar” en algún Ministerio. Así era daquela, e hoxe ...

Ademais dos traballos en San Sadurniño, que son coñecidos (animador do Grupo [Saraibas](#), [Cantareliña](#), [Pumariño](#), venta do vello campo de fútbol e compra dos terreos para o actual, animador da creación de varias Asociacións de Veciños; ... impulsor da Granxa do Carveiral e das Cooperativas en Sta. Mariña), fun co-fundador da Revista [Encrucillada](#), primeiro Presidente da Asociación “*Irimia*”, colaborador desta revista moitos anos, promotor do Grupo “*Boa Nova*” que elaboraba materiais de traballo para a liturxia e catequese, e que durante bastantes anos nos reuníamos na Reitoral de Sansa (onde miña nai –mentres puido- nos

preparaba o xantar), promotor das *Romaxes de Crentes Galegos* e durante os oito primeiros anos, responsable da organización de cada unha delas ... Anos intensos e de moito suor.. Durante unha tempada (1996) fixen unha colaboración con pseudónimo no Periódico El Ideal Galego. Titulábase “*Carta aberta a D. Vicente*”. Tratábase dunhas cartas que un grupo de parroquianos lle escribían ao crego e a contestación que el lles daba. A cousa foise complicando, sobre todo cando o crego de Pantín sentiuse aludido nunha carta e mandou un escrito de protesta ao Director do periódico. Despois de conversas e escritos, decidín parar, aínda que me aseguraban que lles interesaba a miña colaboración. Conservo as cartas e a correspondencia co Director.

En xaneiro do 75 o bispo decide que debo ir destinado de Párroco de Viveiro. Ao coñecerse a nova houbo un **tremendo terremoto**. Non querían que me fora. Organizaron unha comisión (Antonio Parra, Enrique Barros Sabín, Manuel Fernández, Amando Romero, Avelino Cinza...), moveron Roma con Santiago e conseguiron torcer a decisión do bispo. Para festexar a vitoria houbo unha gran sardiñada na Horta da Duquesa. Con ese motivo regaláronme un coche Dyan 6, unha máquina de escribir eléctrica (coa que logo se escribiría *Pumariño*), unha mesa escritorio, unha multicopista usada e o resto de cartos que sobraran cos que merquei as tendas de campaña que nos serviron para as saídas en bici cos rapaces. Colaboraron as dúas Parroquias.

Tamén me dediquei a facer de albanel. Aí están as reformas do adro, feitas con suor e bágoas, a apertura da entrada que vai ao cemiterio polo oeste da Reitoral, a parte nova da casa que da ao norte -obra da que me arrepiño por varios motivos-, a sala parroquial, o traslado do hórreo da finca do igrexario ao adro, a apertura dunha porta na muralla que da á fonte para que así se usaran máis as escaleiras do rosario ...

No mes de xullo do 77, en plena efervescencia autonomista, publiquei unha “**Carta aos señores Deputados**” no IDEAL GALLEGO. Abriran una sección que chamaban “Contraste de pareceres” que mantiveron aberta durante bastante tempo. Éramos moitos os que non tiñamos demasiada esperanza nas cazoladas que se estaban que se estaban a cociñar. O meu “parecer” saíu longo, pero no fondo estaba e está clara a miña reflexión

Polas festas de Nadal preparábamnos algunha representación de cara ao Nacemento, tanto na igrexa de Santa Mariña como na de San Sadurniño. No ano 1978 non encontrábamnos nada que nos gustara. Forzado pola Madre Gracia (Dolores Pérez), daquela Directora da Escola-Fogar, decidínme a argallar algo. Custoume unha noite sen durmir, pero parín unha peciña de teatro que gustou moito. Meses despois publicouse na Revista Encrucillada e Celso Emilio Ferreiro ao facer análise da revista escribe no ABC do 1 de xuño do 78: “*El Auto de Nadal de Ramón Díaz Raña es un encanto de sencillez dramática, con elementos de crítica social enfocada desde un ángulo de actualidad cotidiana*”. Anos máis tarde, o amigo Xosé Manuel Carballo editou o Auto con algunhas correccións. Titulábase “**O sorriso do Eleuterio**”. Os nenos divertíronme moito nos ensaios e coa representación

Dou por descontado o traballo propio de Cura porque xa se supón; pero non deixo de destacar as reunións que tiñamos cada semana na sala parroquial. Normalmente líamos un libro (“*Creo en Deus Pai*” de Queiruga, “*Alternativa Cristiana*” de Castillo, “*Teología para seglares*”...) e comentábamnos. O grupo non era numeroso, pero nel respirábase fraternidade. Conservo un gratísimo recordo.

En agosto do 90 deixei o traballo parroquial para adicarme a tarefas económicas que logo se viron frustradas pola Guerra do Golfo. Nos anos seguintes –ademais de empezar a edificar unha casa no Cochón- estiven entretido en “cousiñas”: Encargado da Librería Diocesana en Ferrol, clases de relixión, colaboración con Proxecto Home de Santiago ... E no 92 casei. Dende o 2003 vivo en Cáceres. Síntome desterrado, pero por amor; non como cando o noso Daniel (Castelao) estivo desterrado en Badaxoz.

Ramón Díaz Raña